

# IDEAS POR ESTANCIAS



Para sobrelevar este noveno día sen cole, aquí tedes novas propostas:

## COCIÑA



Idea 9: Mensaxe secreta!

*Empregaremos un limón, un pincel e un folio. A actividade consiste en exprimir un limón facendo uso dun exprimidor ou simplemente coa man. Despois, usaremos un pincel para facer un debuxo ou escribir unha mensaxe secreta no folio. Para rebelar o contido do mesmo, o introduciremos no forno a baixa temperatura. Deste xeito, a mensaxe quedará en cor algo máis escura que o resto do folio.*

## BAÑO



Idea 9: Trasvases de auga.

*Proporcionaremos diferentes tipos de envases, a ser posible con diferentes formas, alturas, anchos, etc. Tamén proporcionaremos culleres, xiringas, emubudes, etc. diferentes útiles para cambiar unha cantidade determinada de auga duns envases a outros e así experimentar as propiedades dos líquidos. Podemos proporcionar tamén diferentes tipos de tea para comprobar as súas características (se deixan pasar a auga, se quedan ou non mollados, etc.). Se temos colorantes poderíamos verter unha gota en cada un dos envases e comprobar o que acontece cando se van mesturando.*

## HABITACIÓN DOS MAIORES



Idea 9: Luvas monstruosas.

*Empregaremos unhas luvas vellas para enchelas de bolas de papel, algodón ou espuma de coxíns. Decoraremos empregando olliños, caniñas, bolas, etc. que pegaremos ben con silicona quente ou con silicona fría, cola, etc.*



## HABITACIÓN DOS PEQUES



Idea 9: Facemos un “atrapasueños”.

*Empregaremos un prato de cartón ao que recortaremos a zona central ou faremos un círculo de cartón no que recortaremos un círculo concéntrico máis pequeno. Faremos uns pequenos buratos por todo o contorno do círculo. A continuación, empregaremos lá de diferentes tipos para ir pasando duns buratos a outros creando un entramado semellante a unha tea de araña. Podemos deixar colgante os sobrantes e decorar con plumas, contas de facer pulseiras, etc. Trátase dun elemento para axudar aos nenos e as nenas a que expresen os seus sentimentos con respecto a situación que están vivindo e que lles axude a sentir unha maior confianza para acadar os seus propósitos.*

## SALÓN



Idea 9: "Soy una serpiente".

*Os grupos que teñen clase comigo coñecen esta canción e lles encanta xogar con ela. A canción ten a seguinte letra: "Soy una serpiente / que anda por el bosque / buscando una parte de su cola / ¿Quiere ser usted una parte de mi cola?". Para xogar, todos se colocan sentados no chan mentres que un dos participantes será a serpe. Este será o que cantará a canción mentres se move entre os outros. Cando remata a canción, fai a pregunta á persoa que ten diante e, se este acepta, terá que pasar baixo as súas pernas e colocarse detrás. A canción continúa mentres queden participantes facendo unha serpe máis e máis longa.*

## CORREDORES



Idea 9 : Pintamos cos pés .

*Empregaremos as paredes do corredor para poñer un anaco grande de papel no que realizaremos un debuxo empregando tèmpera. Podemos realizar esta actividade de dous modos: primeiro, pintando empregando pinces que colocaremos entre as dedas ou, segundo, pintando directamente cos pés. Tamén podemos realizar ambas propostas.*